

D I T A M E

Ditame
3/05

sobre o anteproxecto de Lei
de modificación
da Lei 4/1997, do 25 de xuño,
de caza de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 16 DE DECEMBRO



1.- ANTECEDENTES

1.- O día 24 de outubro de 2005 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o borrador do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 25 de outubro, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 26 de outubro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 7 de novembro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 12/05, acorda aprobar por unanimidade a proposta de ditame, con data 28 de novembro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/05, de 16 de decembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O anteproxecto de Lei sometido a ditame modifica os artigos 2, 8, 13, 21, 23, 25, 34, 50, 54 e 58 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, e engade dous novos artigos, o 35 bis e o 65 bis. Coa modificación da citada Lei preténdese a adaptación á importante transformación da agrariedade galega, así como aos cambios lexislativos en ámbitos supraautonómicos. Por outra banda tamén se procede á inclusión de determinadas matizacións no articulado da Lei 4/1997, así como á inclusión de dous artigos relacionados coa actividade de taxidermia e ás probas de detección alcohólica ou de sustancias psicotrópicas ás que se pode someter aos cazadores.

3.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O Preámbulo do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, resume as causas e obxectivos que se pretenden con esta modificación legal.

O CES entende que no **cuarto parágrafo** do citado preámbulo debería substituírse a frase:

“Noutro ámbito de cousas tamén procédese á inclusión de determinadas matizacións no articulado desta Lei, en concreto relativas a unha dulcificación da definición da acción de cazar no que se substitúe a expresión “dar morte” pola de “cobrar”, (...)”, pola seguinte expresión: “Noutro ámbito de cousas tamén procédese á inclusión de determinadas matizacións no articulado desta Lei, en concreto relativas á definición da acción de cazar no que se substitúe a expresión “dar morte” pola de “abater”, (...)”.

En consonancia coa consideración segunda, se substitúe o vocablo “cobrar” polo de “abater”.

2.- O artigo primeiro do anteproxecto de Lei sometido a ditame modifica o artigo 2 da Lei 4/1997, onde se define a acción de cazar.

O CES considera que, aos efectos de eliminar a referencia da expresión “dar morte”, que puidera resultar socialmente máis agresiva, podería empregarse outro vocablo que definira mellor a acción de cazar. En opinión do Consello, este vocablo podería ser o expresado polo verbo transitivo “*abater*”, que se define como derribar e tombar e que expresa unha acción previa á de cobra-la peza, acción esta última non coetánea coa de abater.

3.- O artigo segundo cuarto do anteproxecto de Lei obxecto de ditame modifica o artigo 23.2 da Lei 4/1997, onde se regulan as indemnizacións por danos.

En opinión do CES, o último parágrafo do citado artigo debería redactarse de xeito que se especifique que “*(...) indemnizará os danos efectivamente producidos polas especies cinxéticas dos terreos cinxéticos (...)*”

4.- O artigo segundo quinto do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/1997 modifica o artigo 25 da citada Lei, onde se regulan as zonas de seguridade.

O CES entende máis apropiada a seguinte redacción para substituír polos dous últimos parágrafos do apartado B) do citado artigo:

“Nas marxes das vías non incluídas no punto anterior, poderase cazar ou situa-los postos para os zapeos, ganchos ou monterías; así mesmo poderase cazar nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ao paso a pé e ao uso agrícola ou forestal. En ámbolos dous casos sempre que as condicións das marxes das vías, carreiros e camiños rurais permitan o exercicio seguro da caza”.

5.- O artigo sexto do anteproxecto de Lei ditaminado modifica o contido do artigo 54 da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

O CES propón a seguinte redacción para a modificación do **apartado 1** do

artigo sexto do anteproxecto de Lei: “*Considérase granxa cinxética (...) para a súa comercialización. As pequenas instalacións que produzan especies cinxéticas para a repoboación dos tecores aos que pertencen non terán a consideración de granxas cinxéticas. O seu réxime específico establece-se regulamentariamente.*”

6.- O artigo **sétimo segundo** do anteproxecto de Lei sometido a ditame engade un novo artigo 65 bis á Lei 4/1997, onde se regulan as probas de detección.

O CES considera que se debe substituír a expresión “sicotrópicas” por “*psicotrópicas*”, por entender que esta última é a correcta.

7.- O CES considera conveniente, en relación co contido do **artigo 70** da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, establecer un procedemento polo que as denuncias formuladas polos axentes da autoridade se notifiquen por escrito, con expresión dos feitos e precepto ou preceptos infrinxidos, ao presunto infractor de forma inmediata, sempre que sexa posible, á comisión do feito tipificado como infracción por esta Lei.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2005

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 4/1997, DO 25 DE XUÑO, DE CAZA DE GALICIA

PREÁMBULO.

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia foi o froito da asunción de competencias, que se fixo nesta materia polo Estatuto de Autonomía Galego. No seu momento, supuxo non só o exercicio da competencia lexislativa que se transferira a Galicia, senón tamén a oportunidade de regular a caza dende unha perspectiva máis próxima e, polo tanto, máis axeitada o senso de entendela no noso país.

Neste últimos anos tense producido unha transformación moi importante da agrariedade galega. Un cambio propiciado por circunstancias de diversa índole social e económica, que transformou a superficie de labor e os seus cultivos e que tivo unha repercusión profunda nos ecosistemas e, da súa mán, nas poboacións e nas especies vencelladas ó mundo de caza.

Reclamados polas novas circunstancias, tamén producíronse cambios lexislativos en ámbitos supraautónómicos, que inciden directamente no noso sistema xurídico e que obrigan o seu cumprimento. Reformas en materias que son de competencia estatal e que informan, con carácter básico, a regulación autonómica. Neste sentido cómpre lembrar a Lei 17/2005, de 19 de xullo, polo que se regula o permiso e a licencia de condución por puntos e modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que no seu artigo único, apartado Vinte, incorpora unha disposición adicional novena cunha incidencia directa no ámbito da responsabilidade por danos ocasionados polas especies cinexéticas, previsto no artigo 23 da Lei 4/1997, do 25 de xuño.

Noutro ámbito de cousas tamén procedese á inclusión de determinadas matizacións no articulado desta lei, en concreto relativas á unha dulcificación da definición da acción de cazar no que se substitúe a expresión “dar morte” pola de “cobrar”, á especificación da caza en zonas de seguridade, á posibilidade de autorización nalgúns casos, do uso de arma longa raíada na caza menor ou a concreción da actividade de granxa cinexética. Asimesmo incorporanse dous novos artigos adicados á actividade da Taxidermia e ás probas de detección alcohólica ou de sustancias sicotrópicas as que se pode someter aos cazadores.

Preténdese con esta modificación legal, darlle unha nova redacción a determinados preceptos legais da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia así como incorporaren novos artigos relativos á actividade de taxidermia e ás probas de detección alcohólica ou de sustancias sicotrópicas, mantendo tanto as liñas básicas fixadas pola lei 4/1997, do 25 de xuño como e a mairande do seu articulado.

ARTIGO PRIMEIRO. MODIFICACIÓNS NO TÍTULO PRELIMINAR DA LEI 4/1997, DO 25 DE XUÑO, DE CAZA DE GALICIA.

Modifícase o contido do artigo 2 que a seguir se relaciona do título preliminar da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, que queda redactado como segue:

“Artigo 2.- Acción de cazar.

Considérase acción de cazar a actividade exercida polo home mediante o uso de armas, artes ou outros medios autorizados, para buscar atraer, perseguir ou acosar aos animais que se declaren como pezas de caza, co fin de cobralos, apropiarse deles ou facilitar a súa captura por un terceiro”.

ARTIGO SEGUNDO. MODIFICACIÓNS NO TÍTULO I DA LEI 4/1997, DO 25 DE XUÑO, DE CAZA DE GALICIA.

Modifícanse os artigos que a seguir se relacionan do título I da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, que quedan redactados como segue:

Primeiro. Modifícase o contido do número 2 do artigo 8, que quedará redactado como segue:

“ 2.- Exclúense desta consideración todos aqueles que constitúen núcleos urbanos ou rurais, vilas, xardíns, parques destinados ó uso público, recintos deportivos, instalacións fabrís ou industriais, estradas, vías férreas ou calquera outro lugar que sexa declarado non cinxético en razón das súas especiais características e no que o exercizo da caza deba estar permanentemente prohibido”.

Segundo. Modifícase o contido do número 2 do artigo 13, que quedará redactado como segue:

“2.- A superficie mínima e continúa dos Tecor será de dúas mil hectáreas e a duración do seu réxime especial será a do prazo de cesión dos dereitos cinxéticos que, en ningún caso, será menor de cinco anos, nin superará os 25 anos, ó cabo dos que se extinguirá o Tecor, agás que se proceda a súa renovación, de acordo co que se dispoña regulamentariamente.

O réxime cinxético especial dos Tecor manterase, malia a perda de dereitos cinxéticos sobre determinados terreos que o integren, sempre que a superficie restante non sexa inferior á mínima sinalada no parágrafo anterior. Sen prexuízo do disposto anteriormente, calquera cambio na titularidade cinxética da totalidade ou parte dos terreos comprendidos no Tecor deberá serlle comunicado á Administración no prazo e nas condicións previstos regulamentariamente.

Co fin de fomentar as poboacións cinxéticas, os Tecores manterán como vedado de caza unha superficie mínima do 10% dos seus terreos. Estes vedados de caza deberán manter os mesmos lindeiros, alomenos, durante dous anos consecutivos”.

Terceiro. Modifícase o contido do número 3 do artigo 21, que quedará redactado como segue:

“3.- Nas explotacións cinxéticas de carácter comercial, que deberán constituírse como empresas mercantís, poderá exercitarse a caza sobre animais procedentes de granxas cinxéticas ou doutros establecementos autorizados, de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de cincuenta hectáreas se se dedican a caza menor, e de cen hectáreas cando o obxecto da explotación sexa a caza maior.

Os titulares destas explotacións haberán de sinalizarlle dacordo coa normativa regulamentaria, que a tal efecto se dicte e, en todo caso, están obrigados a sinalizar os terreos que se atopen dentro do perímetro da explotación e dos que non se dispoña autorización expresa dos seus titulares, para o seu aproveitamento cinxético.

Para autorizar unha explotación cinxética comercial, é imprescindible contar coa titularidade cinxética da totalidade dos terreos, en superficie continúa, sobre os que pretende constituírse. Cando estas autorizacións afecten a espazos naturais protexidos, tramitaranse na forma prevista no artigo 1.2 da Lei 6/2001, de 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.

Por vía regulamentaria determinaranse as condicións nas que esta actividade poida desenvolverse, e en especial as referentes a controis xenéticos e sanitarios, requisitos para realiza-las soltas, época e frecuencia destas, marcaxe das pezas, modalidades de caza, requisitos para o seu transporte e cantas outras se consideren pertinentes.”

Cuarto. Modifícase o contido do artigo 23, que quedará redactado como segue:

“Artigo 23.-Indemnizacións por danos.

1.- En accidentes de tráfico ocasionados por atropelo de especies cinxéticas, os danos persoais e patrimoniais só serán exisibles aos titulares de aproveitamentos cinxéticos cando o accidente sexa consecuencia directa da acción de cazar ou do incumprimento das normas establecidas para a conservación ou xestión do terreo acoutado.

No seu caso, responderán os conductores dos vehículos se incumplen as normas de circulación, ou o titular da vía pública como consecuencia da súa responsabilidade no estado de conservación da mesma e na súa sinalización. Sen prexuízo disto, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible responderá polos danos a circulación viaria que causen as especies cinxéticas procedentes dos terreos baixo a súa administración.

2.- Os titulares de aproveitamentos cinxéticos de terreos suxeitos a réxime cinxético especial responderán nos demais casos dos danos ocasionados polas especies cinxéticas.

A consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, logo da instrución do correspondente expediente de valoración, indemnizará os danos efectivamente producidos polas especies cinxéticas nos terreos cinxéticos de aproveitamento común, dos Tecor autonómicos da súa administración, das reservas de caza, dos refuxios de fauna e de calquera outro terreo no que a administración e xestión lle correspondan”.

Quinto. Modifícase o contido do artigo 25, que quedará redactado como segue:

“Artigo 25.-Zonas de seguridade.

A) Descrición das zonas de seguridade:

Para os efectos do establecido no artigo 8.3 desta lei, consideraranse zonas de seguridade:

a) As marxes e zonas de servidume que se atopen cercadas das vías e camiños de uso público e as vías férreas.

b) As augas públicas, incluídos os seus leitos e marxes, nunha franxa de 5 metros do límite das maiores crecidas ordinarias.

c) Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas.

d) Os perímetros das vilas, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos e calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal en razón do previsto no artigo 8.3.

Malia o previsto nos puntos anteriores, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, logo de petición dos titulares cinxéticos interesados, poderá autoriza-la caza nas vías e nos camiños de uso público, así como nos leitos e nas marxes dos ríos, regatos e canles que atravesen terreos cinxéticos ou constitúan o límite entre eles. Nas resolucións que se dicten para o efecto, se son afirmativas, fixaranse as condicións aplicables en cada caso para exercita-la caza baixo a responsabilidade dos titulares da autorización.

Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a declaración como zona de seguridade dun determinado lugar cando concorran as circunstancias previstas no artigo 8.3. As ditas zonas, no caso de seren así declaradas, deberán ser sinalizadas polo promotor conforme se determine regulamentariamente.

B) A caza nas zonas de seguridade.

1.- Queda prohibido circular con armas de caza cargadas e usalas no interior dos núcleos urbanos e rurais e noutras zonas habitadas ata o límite que acaden as últimas edificacións ou intalacións habitables, ampliado nunha franxa de cen metros en tódalas direccións.

2.- No caso de vilas, edificios habitables illados, recintos deportivos, xardíns e parques destinados ó uso público, áreas recreativas e zonas de acampada, o límite da prohibición ó que se refire o apartado anterior será o dos propios terreos onde se atopen instalados, ampliado nunha franxa de cen metros en tódalas direccións.

3.- Prohíbese circular con armas de caza cargadas e usalas no caso de autoestradas, autovías, estradas nacionais, comarcais ou locais, nunha franxa de cincuenta metros de ancho a ámbolos dous lados da zona de seguridade. En ningún caso se poderá disparar en dirección a outros camiños de uso público ou vías férreas.

Nas marxes das vías non incluídas no punto anterior, se as condicións de la misma permiten o exercicio seguro da caza, poderanse cazar ou situar os postos para os zapeos, ganchos ou monterías.

Nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ó paso a pé e ó uso agrícola ou forestal, poderase cazar, sempre que as condicións de seguridade o permitan”.

ARTIGO TERCEIRO. MODIFICACIÓNS NO TÍTULO III DA LEI 4/1997, DO 25 DE XUÑO, DE CAZA DE GALICIA.

Modifícase o contido do epígrafe 24 do número 1 do artigo 34, que quedará redactado como segue:

“24) Cazar con arma longa raiada, salvo que expresamente se autorice, ou empregar cartuchos de bala ou postas para especies de caza menor ou utilizar municións de perdigóns ou postas para a caza maior.”

ARTIGO CUARTO. MODIFICACIÓNS NO TÍTULO IV DA LEI 4/1997, DO 25 DE XUÑO, DE CAZA DE GALICIA.

Engádese un artigo 35 BIS, co seguinte texto:

“Artigo 35 BIS.-Taxidermia.

Por vía regulamentaria regularase a actividade de taxidermia, na que se contemplara en todo caso a obriga de levanza dun libro rexistro onde conste a procedencia do animal, a obriga de absterse de recibir e preparar a peza que non veña acompañada da documentación e dos precintos acreditativos da súa orixe.”

ARTIGO QUINTO. MODIFICACIÓNS NO TÍTULO V DA LEI 4/1997, DO 25 DE XUÑO, DE CAZA DE GALICIA.

Modifícase o artigo 50, que quedará redactado como segue:

“Artigo 50.-Gardas de campo de caza.

1.-A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible poderá outorgarlle o título de garda de campo de caza ás persoas que cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente, co obxecto de que colaboren no cumprimento do disposto nesta lei cos axentes forestais e cos demais corpos e institucións da Administración que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais. Para estes efectos terán a consideración de axentes da autoridade.

2.-Os terreos cinexéticos ordenados dispoñerán dun servizo de vixilancia.

Os membros dos servizos de vixilancia estarán obrigados a denunciar, nun prazo máximo de corenta e oito horas, todos aqueles feitos que se produzan na demarcación que teñan asignada e que presumiblemente constitúan infraccións a esta lei. Transcorrido ese periodo de tempo, as súas denuncias non estarán acollidas ó privilexio de executividade, que teñen coma axentes da autoridade. Están igualmente obrigados a colaborar cos axentes da autoridade en materia cinexética, para o cal deberán posuír o título de gardas de campo de caza.

3.-Os gardas de campo de caza deberán portar uniforme e os distintivos do seu cargo, así como a documentación que os identifiquen como tales.”

ARTIGO SEXTO. MODIFICACIÓNS NO TÍTULO VII DA LEI 4/1997, DO 25 DE XUÑO, DE CAZA DE GALICIA.

Modifícase o contido do artigo 54, que quedará redactado como segue:

"Artigo 54.-Requisitos para o seu establecemento.

1.-Considérase granxa cinxética, para os efectos desta lei, toda explotación agroindustrial dedicada á produción de pezas de caza vivas, para a súa comercialización. As pequenas instalacións que produzan especies cinxéticas para a repoboación dos tecores ós que pertencen, non terán a consideración de granxas cinxéticas e rexeranse por disposición regulamentaria.

2.-Para establecer unha granxa cinxética é precisa a autorización administrativa previa da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Os interesados deberán presentar, xunto coa solicitude, un proxecto subscrito por técnico competente, no que se prevea, ademais dos datos técnicos de construción, instalacións e presuposto, os aspectos hixiénico-sanitarios, as especies que se van criar, o programa de produción, o programa de control zootécnico-sanitario e o destino previsto das pezas producidas. Calquera traslado ou ampliación das instalacións requirirá, igualmente, autorización da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

3.-As granxas cinxéticas deberán contar cun servizo de asistencia zootécnico-sanitario, que informará de inmediato á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de calquera indicio de enfermidade que poida ser sospeitoso de epizootia ou zoonose.

4.-As granxas cinxéticas están obrigadas a levar un libro-rexistro de pezas no que figurarán os datos que se determinen regulamentariamente. Este libro estará á disposición dos organismos da Administración con competencia en materia de caza.

5.-Estas instalacións están obrigadas a facer os controis que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible estableza e a facilitarlle o acceso a elas ó persoal dos organismos competentes."

ARTIGO SÉTIMO. MODIFICACIÓNS NO TÍTULO IX DA LEI 4/1997, DO 25 DE XUÑO, DE CAZA DE GALICIA.

Primeiro. Engádese un apartado 41) ó contido do artigo 58, co seguinte texto:

"41) Incumplir a obriga establecida para os talleres de taxidermia, no artigo 35 Bis, de levanza dun libro rexistro onde conste a procedencia do animal e maila a obriga de absterse de recibir e preparar a peza que non veña acompañada da documentación e dos precintos acreditativos da súa orixe."

Segundo. Engádese un artigo 65 BIS, co seguinte texto:

"Artigo 65 BIS.- Probas de detección.

No suposto contemplado no artigo 59º.11, os cazadores estarán obrigados a someterse as probas de detección alcohólica ou de sustancias sicotrópicas. Por vía regulamentaria determinarase o procedemento, persoas que poidan realizalas, as dilixencias a levar a cabo e en xeral as regras as que deberá de axustarse esta actuación."

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Única. Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ...de...de dous mil cinco

